

MINISTERIO TRANSFORMACIÓN DIXITAL E FUNCIÓN PÚBLICA

Comisión Técnica de Temporalidade e Emprego

12/11/2024

O martes 12 de novembro tivo lugar unha xuntanza da Comisión Técnica de Temporalidade e Emprego de carácter **INFORMATIVO**, con dous puntos na orde do día.

1,- Modelo común de convocatorias na AXE

A Subdirección Xeral de Planificación de RRHH e Retribucións anunciou que proximamente sairá unha resolución da Secretaría de Estado de Función Pública onde se establecerán un modelo común para todas as convocatorias públicas. O obxectivo é crear unhas pautas e patrons que simplifiquen estes procesos e sexan de aplicación a todas as convocatorias.

2,- Estado procesos selectivos masivos

A Subdirección Xeral de Xestión de Procedementos de Persoal, manifestou a complexidade de sacar todos os procesos abertos e o esforzo que están a facer a Comisión Permanente de Selección, INAP e Subdirección Xeral de Ordenación de RRHH.

Limitouse a desglosar o datos que figuran no enlace:

<https://funcionpublica.digital.gob.es/dam/es/portalsefp/funcion-publica/Acceso-Empleo-Publico/Convocatorias-Personal-Funcionario/Cuerpos-escalas-generales/Notadesarrolloprocesosselectivos.pdf.pdf>

Dende a CIG manifestamos que estas xuntanzas con carácter INFORMATIVO, non ten moita razón de ser, onde non se nos aporta ningún tipo de documentación a tratar e só se fala de feitos consumados ou xa aprobados pola administración.

Sobre os procesos selectivos quixemos aaproveitar para manifestar que existe malestar entre o persoal por sacar prazas que se ofertan para acceso libre antes que a promoción interna ou cando se deberán ofrecer primeiramente en concursos.